

ESCOLMA DE TEXTOS DE JOHÁN VICENTE VIQUEIRA

A NOSA LINGUA

I

¡Galegos, amade a vosa lingua, porque ela é un rico tesouro oculto! Amádea, faladea, cultivadea; desenterrade o tesouro que garda o xigante alarbio da tiranía.

II

Fonte de fraternidade universal, únenos cós pobos de raza afín, cós que teñen os mesmos verbes e a mesma historia, cós que se espallaron pol-os mares en linda coroa. Fonte de fraternidade, a nosa lingua será base para unha grande Iberia. Fonte de fraternidade, fará que as ideas e sentimentos humanos fluían e batan nos nosos espíritos dende a remota e lexendaria India á África exuberante e areosa e as selvas e planicies de América. Noso espírito, como un deus antigo, terá dúas caras e ollará dous mundos.

III

Alma nosa és tí, lingua que fuche, creada na nosa historia, modo divino de expresión saído das entrañas do pobo galego. ¡Ou! ven a nos, lirismo arrecendente, agarimo das cantigas! ¡Ou! ven a nos, lirismo exquisito dos cancioneros! Vos donas, falade de aquel xeito no que, como ningunhas, fúchedes loubadas! ¿Onde en Iberia puxeron os poetas nos vosos beizos máis belos cantos de amores? ¿Onde se cantou máis íntimamente a Nai das nais, á Nai María? ¡Donas galegas, falade galego!

IV

¡Amade a nosa lingua, os entusiastas da nosa grandeza nacional! O rei cercou a Sevilla; as naus soben o río e xa chegan enfeitadas de froles. Briosas van as naus de Chariño, o almirante poeta das saudosas barcarolas; rompen as cadeias que fechan o Guadalquivir ás primeiras á vanguardia. E os galegos saúdan a Sevilla como súa e a fala do noroeste resoa a primeira nas veigas sempre fecundas dos laranxaes e das prateadas oliveiras!

V

Lingua, canto eterno de traballo, dos homildes, dos amigos da terra fecunda, prados verdecentes, douradas espigas e fragas rumorosas, do taller en que mil cousas xiran e brúan, da maneira labore fatigosa dos que en leviáns barcas caminan sobre as ondas escu-mantes. Lingua real, non falsaría és tí, a dos que amamos o heroísmo calado de todol-os días.

VI

Galegos, amade, cultivade o rico tesouro da nosa lingua. Só falándoa seredes libres, xa que o home sen raza é unha abstracción. ¡Orgulo de raza eu vos pido! Ser libres e sel-o como homes, como raza e como individuo. E lembrádevos que di Goethe: "Só aquele que soubo conquistar cada día a sua liberdade é dino de ser libre."

VII

Palabra, tí que tés as áas coor de iris no ceu, vai d' alma en alma, petando á porta e dicindo: "espertade galegos, os tempos son chegados".

PENSAMENTOS

*A memoria do insine galego Lois Porteiro Garea
(Badaxoz, 4-XI, 1918)*

I

¿Cales son os pobos qu'hoxe emergullan a fase da historia? Os que tiñan creada a súa consciencia nacional: Hungría, Finlandia, Bohemia. ¡O día de mañán será tamén Irlanda e... tantos outros! O primeiro para unha nación sere libre é coñecer a súa propia esencia, o seu propio ser; millor aínda, sentilo varuda e fondamente, ser conscente d'ele. ¡A única verdadeira política para as razas oprimidas é o espertamento da súa alma!

II

¡Lembrémonos! De Navia para acá fálase galego, os que moran n'aquelas terras son galegos. ¡E grande parte do Bierzo é tamén noso! A Galicia histórica é máis extensa do que a Galicia actual!

III

Hoxe atravesamos por un dos máis grandes momentos da historia do mundo. ¡Non esquezamos o noso deber; cumpramos a nosa misión! ¡A humanidade espéraa de nos!

IV

Vede eiquí o que debe ser o noso programa inmediato:

1º Autonomía integral para Galicia (sustituíndo as actuaes Diputaciós por un *parlamento galego*).

2º Autonomía municipal (condiciós as duas para o que sigue).

3º Leis sociaes (liberación dos labregos, leis para os obreiros e labregos, retiros da vellez, seguro contra o paro forzoso, enfermidade, etc.).

4º Reforma do insino (ampliación d'escolas, reforma do bacharelado, ampliación e renovación da Universidade, creación das escolas técnicas).

5º Fomento da riqueza (proteición á agricultura, aumento das industrias pesqueiras, fundación de liñas mercantes e perfeccionamento dos portos, construción de ferrocarrís, pol-o menos o da costa e o de Santiago á Cruña, establecemento de privilexios aduaneiros, no senso librecambista, para Galicia).

Isto é un esquema. Baixo os epígrafes anteriores debe de ir toda unha ampliación que farán os especialistas.

V

¡Canto máis *lonxe da terra* máis galego son, máis sinto a miña raza! ¿Non foi en París, en Berlín, en Londres, onde máis chorei a nosa decadencia? Era que alí sentía o que podíamos valer. ¡Os nosos chamados cosmopolitas teñen que deprender a ollar para o mundo! Daquela faranse galeguistas.

VI

¡Son hespañol! ¡Mais hespañol d'unha Hespaña grande e verdadeira que teña por suprema lei a libertade, onde todas as modalidades e invididualidades (naciós, cidades, individuos) poidan chegaren á súa máxima expansión! —Non d'unha Hespaña podre e decadente. —¡Eu entrevexo no horizonte o nascer da miña Hespaña!

NACIONALISMO E SOCIALISMO

I

Eis dous termos que non se poden contrapor: *nacionalismo*, *socialismo*. E máis: o segundo é probablemente un aspecto do primeiro. Nacionalismo é irmandade na patria, é sentimento de comunidade ideal, é vontade de vida unánime traballando nun momento da humanidade.

II

O fondo de todos os socialismos di: que a ninguén lle falte pan dabondo, que todos teñan un fogar sob a garimosa teitume, que a escola sexa igual para todos, que non haxa fame nin tiranía. No que non se entenden os socialismos é nas fórmulas, nos planos para arranxar a sociedade de maneira que aquele estado xusto realícese.

III

Mais ¿cómo sentindo a ideal comunidade de patria, pode se tolerar que haxa cidadáns de dúas clases, os probes e esfameados e os ricos e privilexiados? ¿Cómo non sentir noxo, en que para os uns sexan todos os bens da vida e para outros nada? O nacionalismo non ve máis que irmans na patria, e ele quere que todo o ben común pártase entre irmáns. ¡O nacionalismo é o santo calor, pai do socialismo!

IV

¡Os pobos en que unha loita civil (de probes e ricos) separe aos cidadáns, cedo ou serodiamante morrerán; mais os que se sen ten en irmandade santa (onde as diferencias sociaes son pouco notábeis ou non existentes) non teñan medo á eternidade!

O NAZONALISMO XURDINDO

Según os franceses mesmos, nunca se faloron tanto nos derradeiros tempos as línguas *provincials* (provenzal, catalán, bretón, etc.) como nos pasados anos da guerra última. Nas trincheiras as órdes dában-se moitas veces non en francés, senon en bretón ou vasco, e nas línguas dos diversos países da Franza trocában-se as sinaes nas avanzadas onde decidíase o porvir do mundo.

Cando pol-as baixas misturábanse elementos de rexións diferentes, as características lingüísticas e raciaes afirmában-se máis aínda, e xuntos un provenzal e un bretón eran aínda máis enxebremente provenzal ou bretón. Resultado: Os soldados descubriron que baixo a Franza centralista e unitaria había unha Franza cen mil veces mellor, varia, viva. E hoxe en Franza se dí: ¡hai qu'ir ó federalismo! (Hai unha liga rexionalista presidida pol-o deputado Le Brun. A mesma opinión sostén o profesor positivista da Sorbona, *Basch*.)

A insinanza será en Alsacia bilíngüe (francés e alemán). O Goberno ven de crear unha cátedra de provenzal na Universidade de Aix de Provenza. Cô tempo crearanse outras de catalán en Montpellier, de vasco en Burdeos. As línguas célticas insínanse xa na de Rennes. Pensa-se seriamente en insinar na escola primaria as línguas provinciaes. En Provenza xa hai libros para ilo, e profesores de Liceos (Institutos) teñen lido aos rapaces poesías de Mistral na clase de literatura. (¿Leen-se entre nos as de Rosalía?) Mistral foi o pai da teoría do insino bilíngüe e hoxe considérase como representante da Franza futura; escribeu só en provenzal e a súa poesía considérase en Franza o mellor do mellor.

¡Sen comentario! Para que digan que as Irmandades andamos atrasadas. ¡O que morreu foi o rexionalismo de orfeón e ripios!

DIVAGACIÓNS ENXEBRISTAS

V

Nacionalismo

¡O nacionalismo de Castelao é agre! Probabelmente de todos os elementos do seu arte o máis difícil d'enxerguer na súa realidade é o nacionalismo. ¿Cómo temos que entender aquí o nacionalismo? Nacionalismo é afirmación de toda cousa nada nun pobo: dos seus costumes, das súas artes, da súa fala, e inda máis aló d'esta afirmación, é progredir para esta afirmación cada vez máis alta, máis grande. Algúns sinten que isto é unha regresión, unha volta atrás ou unha rachadura perigosa! ¿Cómo pode s'entender na súa verdadeira esencia o nacionalismo e, pol-o tanto, o de Castelao? En poucas palabras quero eu falar-vos agora d'isto:

Có comenzó do século XIX, xurdiu no pensamento humano o que se acostuma a chamar senso histórico. ¿Qué é o senso histórico? O coñecimento de que toda produción humá, ou mellor, de que toda existencialidade humá, pol-o tanto a nación, ten o seu proceso histórico, desenvolve-se historicamente. O senso histórico val, pois, para a vida de Galicia como para a d'outro pobo. É dicir, con toda a súa cultura, somente s'explica considerándoa nun desenvolvemento progredente, nunha superación no tempo. O senso histórico fai comprensiva toda forma huma e déixanos abranguer unha conceición universal da humanidade. Goethe dicía nunha poesía, que leva por epígrafe, por certo, o título de "Moderno", o que sigue:

"¿Cómo pódese comparar Hans van Eyck con Fidias? Eu vos insino que debe s'esquecer un pol-o outro. Se considerádes sempre un deles ¿poderíase aínda estímalo? Así é o arte, así o mundo: cada cousa agrada en virtude das outras cousas."

Así é o mundo e así é o arte: evolución, proceso, reconece Hegel, que tenciona o expor lóxicamente.

A humanidade, unha en idea, desfai-se na súa realización en momentos concretos e individuais. Individualidades que ven a coincidir en puntos centrais, nacións, que son os pontoes verdadeiros da cultura. Pois en derradeira instancia ¿onde se basa, comercio, ciencia e outras actividades humanas, senón nas nacións?

A humanidade, para cumprir todas as promesas que leva en potencia (pois antes de ser ¿onde xaz?) desfai-se en nacións. Xa a vida precisa, para ser, do principio de individuación, ou sexa, de ser como individuo ou concreción de individuos. O mesmo principio é o da evolución humá, que tamén é cósmica, é dicir, unha parte do proceso universal.

Como vedes, o meu nacionalismo ten unha base cósmica e metafísica. A humanidade desfai-se en nacións, porque precisa órganos. As nacións son, pois, órganos da humanidade. Elas fan todo o que é facedoiro en cada tempo. Non nun momento de tempo, senón no se sucederen dos tempos. E aquí tamén, cada unha ten súa misión; e cando a súa misión fina, morre! Mais a misión de Galicia chega e por isto rexurde. S'é lei o se desfacer a humanidade en nacións, e preciso por isto s'oporen entre sí as nacións; d'aquí os conflitos por veces, chegando até o sanguinamento, até as duras verbas e os exclusivismos.

Mais a humanidade non pode ficar aquí na súa marcha; ten que ir alén, porque no seu seo radica a saudade d'armonía. A contraposición na multiplicidade das nacións ten-se que resolver nunha nova unidade. ¿E qué pode ser esta unidade? Fixádevos ben e sera-vos evidente: esta unificación non ha de ser máis que a volta de todas as nacións ao seo da humanidade mesma. Mais estas nacións non poden deixar o seu ser, pois réxen-se pol-a lei suprema da individualidade (todo o que é, é como

individuo). ¿Cómo voltar, pois, ao seo human? Creando unha nova individualidade superior: a humanidade mesma, a armonía das diversas nacións.

Un exemplo o tendes no individuo humán. Un home que se desen-volve tamén historicamente non pode ser máis que como individuo, como tal home concreto, no seu individualismo, pol-o dicir así. Ele ten que ser tal ou cal individuo, non pode ser nen seu pai nen seu irmao, nen seu amigo; nen aínda o amante, se non pode facer un só ser coa súa ben amada! (Os amantes quixeran ser samente un, con dúas almas. E con dúas almas, porque con unha, ou tristura, non poden vivir.) Ser individuo é ser, é lei de ser; ¿máis cómo sae o individuo de sí mesmo, deste seu isolamento que xa ás veces lle doi? ¿É deixando de ser o seu propio ser? Non; é sendo ele craramente. Nas máis grandes crises, nas máis grandes oposicións, sinte o seu ataxe ideal cós outros. E erguéndose sobre sí, entrando en relacións cós outros, forma unha realidade superior; fundamentalmente na nación nacería primeiramente, despois na humanidade. E así como o individuo a nación, que tamén é, procede. E non podo entreterme máis nisto.

Resumindo: o descompoñimento en nacións é un momento capital no proceso da humanidade, porque a nación é órgano da humanidade neste proceso. A nación é, pois, esencial.

Por isto pode calqueira xuntar en sí mesmo o universalismo e o nacionalismo, e sendo nacionalista, facer súa, con todas as súas consecuencias, a sentenza antiga de Demócrito que di que "a patria d' unha alma nobre é o mundo enteiro". Por iso pódese ser universalista (porque en calqueira momento da evolución espritoal se descobre a humanidade) e nacionalista ao mesmo tempo, nun senso infindo ou ontolóxico, en canto recoñece ser preciso para a humanidade se facer en nacións, en proceso infindo, para cumprir a súa obra. Deste xeito é-se nacionalista primeiramente en Galicia, mais despois tamén en Irlanda, Polonia, Exipto, en Finlandia ou Letonia, pois a alma, recorrendo o mundo, entende necesariamente cada nación. Tamén eiquí ten a súa explicación o feito que ao mesmo tempo que coa guerra actual xurdían tantas novas nacións no mundo, se acentuase o movemento internacionalista. Nación e humanidade son termos correlativos.

Este é o nacionalismo cósmico e metafísico que vexo eu na obra de Castelao: Galicia ten que ser, debe ser, porque é un momento esencial no progredir da humanidade.

Mais non abonda c'unha posición negativa. Máis non abonda c'unha afirmación escrusiva. Temos que dar un paso máis adiante. Este paso é de síntese, d'armonía: este paso é un paso para a outra vez ó seo da humanidade. Porque, supoño que xa vos teredes decatado, o nacionalismo non é, políticamente, separatista; según os seus principios mesmos filosóficos o nacionalismo, frente a todo separatismo, é unionista. Toda nación háchase comprendida no seo da humanidade. Mais antes de chegar a esta súa comprensión suprema, a esta súa organización suprema (organización que eu presinto non só como política, senón como ideal), pode entrar noutros enlaces unha nación, por novos ataxes, podíamos dicir históricos, que a obrigan. Xurde entón o nexo federativo, e como as nacións se complementan na humanidade, comenza a súa complementación historicamente necesaria, nas federados. De maneira que a estridencia nacionalista resólve-se, como un acorde disonante, nunha consonancia federalista. No caso concreto de que tratamos, no caso de Galicia, nunha federación ibérica, máis grande, máis fecunda, que esta unidade de forza (xa ben vella) que se chama o reino unido de Castela e Aragón, feita no século XV pol-os Reis Católicos, que máis vale esquecer nesta terra que eles asoballaran!

VI

Nacionalismo e arte

Por outra parte, o nacionalismo, sendo evolución, é-o pol-o tanto de produción: é fonte da produtividade estética. Supondo un home músico, d'alma música (é dicir, no senso anterior da nosa alma) facéde-lle traballar no arte contra da súa propia lei e individualidade, facéde-lle proceder épicamente (no noso senso). ¿Qué xurdirá? Nada de valimento. Considerade agora un pobo na súa totalidade; facéde-lle proceder, por falla de cultura, ou por outro motivo semellante, imitativamente, fora da súa persoalidade. ¿Qué xurdirá? Obras de segundo orde. (¡Por desgracia temos tantas na nosa terra!) É por isto que a historia fala sempre en favor do artista que comprendeu o seu propio ser ou o artista de raza. Exemplos hai tantos que non teño tempo para os citar. Constituen eles a historia do arte nos seus momentos capitaes. Exporei-vos somente algúns contemporáneos e que todos coñecedes: Mistral hachou a alma de Provenza e escribeu en Provenzal de maneira que foi, según din xa en Francia, o mellor do mellor. Ibsen, tan lído e relido xa oxe, ¿d'onde trai a súa fama máis que do descubrimento da alma noruega? Póde-se dicir o mesmo do suego Strindberg, por desgracia tan pouco coñecido e traducido entre nós. E como derradeiro caso: Rabindranath Tagore, o poeta máis universal dos nosos días, o admirado no mundo enteiro, o grande entre os grandes, ¿quén é? Un bengalí e que escribe en bengalí, unha nobre lingua da India que cuase ninguén entende en Europa; un bengalí con toda a súa alma, que até non mira con moi bons ollos as cousas d'Europa. E este poeta chega xa, na súa fama, a ter un posto nas historias da filosofía (sobre d'ele acaba de s'escreber un libro agora que expon o seu pensamento filosófico). ¿Qué fixo Rabindranath? Descubriu a alma india, descubriu o seu propio ser e, coa fortaleza artística necesaria, cantoun-a nos seus versos.

E o mesmo caso o tendes no nunca dabondo admirado Castelao. Ele tamén, o primeiro entre os pintores nosos, chegou ó fondo na nosa alma e soubo darlle o contorno que lle facía falla. Craro que non abonda mirar, ollar e indagar; fai falla ter talento, ter alma especial, ser poeta ou pintor. Mais tampouco isto abonda sen o outro. Castelao volveu sobre a súa raza e con un raro talento hachou un camiño. Mestre xa para os que veñan, quedará na nosa historia galaica como un criador e como un modelo. Modelo para todos os outros: de esforzo, traballo, procedimento e enerxía para descenderen ao máis fondo da nosa alma galega.

AUTONOMÍA

I

CANDO se prantea no noso país o problema da autonomía, as voces dos representantes da vella e decadente Hespaña, da Hespaña de Felipe II, que non sabe ollar por riba das fronteiras, din: as pretensións autonómicas son inauditas, nunca se virón. Mentres, florecen os Estados Unidos de Norte América, Inglaterra, e Suiza no meio de Europa incólume e misturada, illa de paz. E Inglaterra, os Estados Unidos, Suiza, deben seu poder e florecimiento, a súa grandeza, a súa importancia, aos principios autonomistas.

II

Estes representantes dos ruinosos tempos que non voltaran, tamén din que o noso movemento e antihespañolista. Eu pregunto: ¿Que mais an-tihespañol i extranjeiro que o centralismo realizado pol-as dinastías francesas e alemáns dos Austrias e Borbóns, que destruí a esencia d' Hespaña, que é ser unha admirable confederazón de naciós? Hespañol son eu; mais d'unha España grande, futura, aínda por facer, onde a suprema lei seja a libertade; onde sejan libres as naciós que a forman, libres os municipios ou concellos, eminentemente libres os cidadaos, e que se amplíe d'unha Iberia que con novos feitos asombre o mundo.

III

Mais agora que o problema é rude e aspro ja, as veces, non se fala contra a autonomía. O que se quere é non combatila, senon facer d'ela, fonte de libertade que é, arma d'asoballarnos novamente. Estamos fartos de escravitude. Galicia do fondo do seu ser exige a autonomía integral, condición para ela ser grande; mais unha autonomía radicalmente democrática. ¡Treme a nosa raza como un gigante durmiñento e ameaza c'un medoñento despertar!

IV

Galegos, sede dinos de vosos abós os irmandiños que há cinco séculos erguéronse en Galicia, arelando rexerse por sí mesmos e non teren donos. Galegos, sede dinos de vivir antre as novas democracias do mundo. Arda nos vosos peitos lume santo d'amor d'as cousas nobres e saia só dos vosos beizos o berro dos pobos grandes: ¡Libertade ou morte!

O QUE PRECISA A NOSA JUVENTUDE

OJE os homes novos que podían ser unha esperanza háchanse ñas mais das veces n'un triste estado. Os uns atópanse sumidos n'un grosei-ro materialismo; están só para aquilo que eles chaman práctico. Os ou-tros encontranse domiados por un *neurotismo* egoísta entre rayólas de lúa, Colombines e Pierrots! Eu sinto pena, eu sinto un dór fondo ante o espectáculo de nosa mocidade!

Para regenerarse as novas geracións deben encherse de idealismo, de romantismo, de entusiasmo pol-as grandes cuestiós humanas. Non quero eu un idealismo tolo como o de D. Quixote; quero un idealismo práctico da vida. Este exige que ñas cousas mais pequenas da nosa existencia penetre a idea e as aloumiñe.

Un exemplo d'este idealismo vol-o ofrece o zapateiro-poeta santiagués, un grande representante da nosa raza, que facendo zapatos n'un modesto taller compostelán, creaba un dos dramas millores d'España. Na sua alma iban surgindo, mentres realizaba o seu traballo de humilde artista, verbes que traducían todas as arelas da nosa raza.

Cando a nosa juventude seja romántica, idealista, volverá a ser galega, porqu'o romanticismo e o idealismo é esencial a nosa raza. Nos fumos os grandes soñadores d'España; nos aínda na decadencia da Edade-meia produxemos tipos como Macías de Padrón, cuya morte romántica chorou o Marqués de Santillana.

N'este esforzó pol-a sua generación que eu pido â nosa juventude nada lle pode ser tan proveitoso como a lectura dos verdadeiros poetas galegos, e non sô dos modernos, senon tamén dos medioevaes, d'aqueles trovadores da nosa idade de ouro. Fáganme caso: ¿gueren os jóvenes ser grandes, queren ser prácticos, queren ser felices? ¡Enchense, fártense de poesía!

Juventude galega, non teñas vergoña de sentir, de chorar as grandes coitas da raza, da patria e dos homes, non renegues d'elas. Juventude galega, faite idealista, romántica, poetízate. ¡O mundo será teu!

MIÑA GALICIA

I

¿COMBATO eu por unha Galicia d'onte? ¿Son eu da Galicia que para sempre esvaíuse entr'as brétemas do pasado?

"Vivir entre recordos é vivir entre mortos" di o noso povo. Non, certamente, eu non vivo no pasado cheo de exquisita melanconía, ja qu'eu arelo preludar miña existencia un futuro mellor e mais grande!

II

Miña Galicia non é a que foi, é a que será; non é a d'onte, é a de mañan. Se grande foi a nosa estoria, mais grande pode xurdir o futuro noso! É a Galicia do porvir, na sua florescente personalidade, a qu'eu arelo e amo, a Galicia, pedra prezosa de civilización huma!

III

O mañá non será como o hoje. Non acai a monotonía á vida criadora; é sempre nova e varea. O pasado esaltase no futuro, renovado, fecundado, com'un tema n'unha sinfonía inagotable! Ousemos os novos caminos, e como sorrín ao florir os nosos campos renascentes, aléden-se as nosas almas no albeo miraculoso da nosa esencia!

DIÁLOGO TRASCENDENTAL

—MAIS ¿qué queredes vos?

—Queremos convertir a Galicia d'un arrabal nun centro; facer que teña vida propia, grande, inmensa; que chegue a ser unha lumarada espiritual acesa alumeando o mundo enteiro.

—¡Obra grande! Mais ¿cómo?

—Para as grandes almas son as obras. ¿Cómo facel-o? Co noso esforzo, que non debe conocer límites; coa nosa vontade, para quen deben ser as tarefas infinitas: co traballo e a disciplina de todo o noso ser: ¡O porvir é para os que saben conqueril-o!

—¡Vaguedás! Falade en concreto ¿Cómo servir â vosa causa?

—Sirve a Galicia o que aproveita un salto de auga, o que fai froitificar dobremente un campo; o que crea unha compañía de navegación; o que escribe un poema, pinta un cuadro, abre unha escola, fai ciencia....

O home mais simple, o mais pequeno de espírito, cando na súa acción pensa n' aquel pobo que un día rexurdirá na beira do Atlántico como un novo lumiar, será grande e sentiráse grande. E todo isto, tendo sempre presente o fin d'unha Galicia nova, porque ¡ai do que queira vivir egoístamente por sí e para sí! Morrerá e está de feito ja medio morto. ¡O egoísmo é o pai da morte!

—De maneira que o noso ideal...?

—¿O noso ideal? Un pobo culto, nobre, traballador, creador do mais alto que exista, n'unha terra fecunda; unha inmensa perspeitiva de searas e bosques, de talleres, de portos, de poesía, de ciencia, de ideal...

Esa é a nosa Galicia do futuro.